



INFORME

**Distribución das accións formativas
reconfiguradas dos plans de formación
sectoriais da convocatoria 2012, segundo
o seu ámbito (transversal ou sectorial)**

**Distribución das accións formativas reconfiguradas dos
plans de formación sectoriais da convocatoria 2012,
segundo o seu ámbito (transversal ou sectorial)**

Índice

Introdución.....2

Análise dos datos xerais4

Análise segundo o sector dos plans de formación6

Análise segundo o tipo de solicitante12

Análise segundo a modalidade de impartición17

Conclusións24

Elaboración:
Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo

Revisión lingüística:
Dirección Xeral de Política Lingüística

Edita:
Consellería de Traballo e Benestar
Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo

Maquetación:
Antonio Lameiro Ces, Sección de Publicacións e Estatísticas

Introdución

Neste informe preséntanse os resultados obtidos da análise dos datos das accións formativas (en diante, AAF) reconfiguradas polos solicitantes de plans de formación sectoriais que obtiveron subvención para o financiamento deste tipo de plans dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas (Orde do 6 de xuño de 2011 publicada no DOG nº 113 do 14.06.2011).

O obxectivo principal deste informe é expoñer a distribución das AAF programadas e reconfiguradas nos plans de formación sectoriais financiados segundo o seu tipo.

Os datos

Os datos que se empregaron facilitounos a Dirección Xeral de Formación e Colocación (10/1/2012). Son datos provisionais, xa que o período de execución aínda está vixente (ata o 30/4/2012).

Repartimento das AAF segundo o seu tipo

Nunha primeira análise, observouse que non se podía diferenciar claramente entre AAF puramente sectoriais (que afecten principalmente un único sector de actividade) e puramente transversais (que poden ser de interese en calquera dos sectores de actividade). Por este motivo, decidiuse que se establecerían 3 tipos de AAF:

- Transversais: son de interese en calquera dos sectores de actividade. A maioría destas AAF pódense encadrar nas seguintes áreas: a) RRHH e administración, b) Idiomas, c) Informática, d) Loxística, e) Comerciais, f) Prevención de riscos laborais e g) Calidade e medio ambiente.
- Multisectoriais: afectan máis dun sector de actividade, pero non chegan a afectar a totalidade dos sectores. A maioría destas AAF pódense encadrar nas seguintes áreas: a) Técnica, b) Producción, c) Mantemento industrial en xeral.
- Sectoriais: afectan principalmente un único sector de actividade. A maioría destas AAF están adaptadas ao sector de referencia, e aínda que poden encadrarse en distintas áreas teñen en común que os seus contidos se axustan ás especificidades ou ás particularidades propias do sector.

Casuística

Unha vez asignado o sector ao plan de formación de cada unha das AAF e despois de facer o repartimento das AAF segundo o seu tipo, encontráronse casos que se tiveron en conta á hora de analizar os datos.

- Algúns subsectores dentro dos 7 grandes sectores (Ex.: Comercio dentro de Comercio, hostalería e agropesqueira ou Oficinas e despachos dentro de Administración e novas tecnoloxías) teñen poucas AAF que se poidan considerar sectoriais, xa que a maioría destas son de utilidade en diversos sectores (áreas funcionais comerciais ou de administración) e non teñen contidos específicos cando se inclúen nestes plans de formación sectoriais. Moitas destas AAF son multisectoriais ou transversais.
- As AAF multisectoriais figuran en plans de formación de sectores moi diferentes, pero neles son adecuados para o desempeño de postos de traballo encadrados nalgún subsector deses grandes sectores. Ex.:
 - AAF de Electricidade ou soldadura, ademais de figurar no gran sector do Metal, tamén figuran en Construción e madeira ou no sector do Têxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía.
 - Acción formativa de Manipulador de alimentos, ademais de figurar no gran sector de Comercio, hostalería e agropesqueira, figura no de Servizos á comunidade.

Este tipo de AAF computáronse como multisectoriais.

Se o criterio técnico adoptado fose máis restritivo, e se se limitase soamente a dúas posibilidades, no repartimento das AAFF, as multisectoriais encadraríanse como transversais. Entre outros motivos, a maioría destas AAFF figuran solicitadas e impartidas en plans de formación intersectoriais desta e doutras convocatorias.

- Encontráronse AAFF sectoriais en plans de formación de sectores que non gardan relación con elas. Ex.: a acción formativa Condutores profesionais de transporte de viaxeiros, ademais de figurar en Transporte figuran en:
 - Servizos á comunidade
 - Construción e madeira
 - Comercio, hostalería e agropesqueira

Nestes casos, as AAFF son sectoriais, e teñen que computarse como tal, pero hai que saber que se están a impartir en plans de formación sectoriais que non son os adecuados.

Se este tipo de AAFF se considerase transversal, non habería case ningunha que puidese definirse como sectorial.

- Por último, convén salientar que nos plans de formación intersectoriais tamén figuran AAFF exclusivamente sectoriais. Ex.: acción formativa Certificado de percebeiro.

Estrutura do informe

- Datos xerais. Analízase a distribución das AAFF reconfiguradas (o 10 de xaneiro de 2012) segundo o seu tipo (transversal, multisectorial e sectorial) polos 4 criterios analizados, que son: número de AAFF, número de alumnos previstos, número de horas previstas e orzamento.
- Plans de formación. Analízase a distribución das AAFF reconfiguradas segundo o seu tipo e os 7 sectores posibles nos que se encadran os plans de formación polos 4 criterios analizados.
- Tipo de solicitante. Analízase a distribución das AAFF reconfiguradas segundo o seu tipo e o tipo de solicitante (organización empresarial, organización sindical ou fundación) polos 4 criterios analizados.
- Modalidade de impartición. Analízase a distribución das AAFF reconfiguradas segundo o seu tipo e a modalidade de impartición (presencial, mixta, distancia e teleformación) polos 4 criterios analizados.

Análise dos datos xerais

A continuación, na táboa 1, móstrase a distribución das AAFF reconfiguradas (o 10 de xaneiro de 2012) segundo o seu tipo (transversal, multisectorial e sectorial) polos 4 criterios analizados: número de AAFF, número de alumnos previstos, número de horas previstas e orzamento.

Táboa 1

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Datos xerais

(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Transversais	357	5.245	37.100	3.551.012,65 €
Multisectoriais	103	2.517	8.936	2.376.275,15 €
Sectoriais	515	12.237	33.387	6.202.175,46 €
Total	975	19.999	79.423	12.129.463,26 €

Na táboa 2, figuran as porcentaxes acadadas polo tipo das AAFF

Táboa 2

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Porcentaxes dos datos xerais


(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Transversais	36,62%	26,23%	46,71%	29,28%
Multisectoriais	10,56%	12,59%	11,25%	19,59%
Sectoriais	52,82%	61,19%	42,04%	51,13%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%


Obsérvase:

Que ás AAFF puramente sectoriais (con contidos específicos para o sector de referencia) lles corresponde case o 53 % do total das accións que se van impartir nos plans de formación sectoriais e que lles afecta ao 61 % dos alumnos previstos, ao 42 % das horas de impartición e ao 51 % do orzamento.

No gráfico número 1, móstrase a porcentaxe que lles corresponde ás AAFD dos plans de formación sectoriais segundo o seu tipo.



No gráfico número 2, móstranse as porcentaxes que lles corresponden ás AAFD dos plans de formación sectoriais segundo o seu tipo nos 4 criterios analizados.



Análise segundo o sector dos plans de formación

Nesta parte, revísanse os datos en función dos 7 grandes sectores nos que se inclúen os plans de formación sectoriais. Estes grandes sectores son:

1. Administración e novas tecnoloxías (ANT)
2. Comercio, hostalería e agropesqueira (CHA)
3. Construción e madeira (CM)
4. Metal (Metal)
5. Servizos á comunidade (SC)
6. Têxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía (TVCAQE)
7. Transporte (Transp.)

Na táboa 3, móstranse os resultados dos 4 criterios analizados polos 7 sectores posibles.

Táboa 3

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Datos xerais, segundo o sector dos plans de formación
(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

Sectores	N.º AAFD	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Administración e novas tecnoloxías	130	1.730	12.971	1.212.564,35 €
Comercio, hostalería e agropesqueira	219	4.618	20.736	3.123.928,40 €
Construción e madeira	93	2.165	7.642	1.708.282,45 €
Metal	101	2.058	6.825	1.427.374,67 €
Servizos á comunidade	308	6.454	20.397	2.803.733,95 €
Têxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	85	1.041	8.039	886.901,11 €
Transporte	39	1.933	2.813	966.678,33 €
Total	975	19.999	79.423	12.129.463,26 €

Na táboa 4, figuran as porcentaxes dos 4 criterios analizados polos 7 sectores posibles nos que se encadran os plans de formación.

Táboa 4

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Porcentaxes dos datos xerais, segundo o sector dos plans de formación
(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

Sectores	N.º AAFD	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Administración e novas tecnoloxías	13,33%	8,65%	16,33%	10,00%
Comercio, hostalería e agropesqueira	22,46%	23,09%	26,11%	25,75%
Construción e madeira	9,54%	10,83%	9,62%	14,08%
Metal	10,36%	10,29%	8,59%	11,77%

Servizos á comunidade	31,59%	32,27%	25,68%	23,12%
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	8,72%	5,21%	10,12%	7,31%
Transporte	4,00%	9,67%	3,54%	7,97%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

- Obsérvase que os datos de orzamento se axustan proporcionalmente á asignación por ámbito de referencia que figura no artigo 9 da convocatoria, publicada no DOG 113 do 14 de xuño de 2011.
- De acordo co exposto, son os tres sectores de Servizos á comunidade, Comercio, hostalería e agropesqueira e Administración e novas tecnoloxías os que agrupan a maior porcentaxe dos resultados acadados en cada un dos criterios analizados:
 - Máis do 67 % das AAFS reconfiguradas.
 - 64 % dos alumnos previstos.
 - 68 % das horas previstas de impartición.
 - Case o 59 % do orzamento.
- Tamén é destacable que os outros 4 sectores teñen resultados menores ou no límite do 10 %, e a suma de todos eles soamente alcanza o 40 % no criterio do orzamento, que queda entre o 32 e o 36 % nos outros 3 criterios. De menor a maior presenza, son: 1) Transporte, 2) Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía, 3) Construción e madeira e 4) Metal.

No gráfico número 3, móstrase a porcentaxe que lles corresponde ás AAFS dos plans de formación sectoriais, segundo o seu sector.




Gráfico: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012


Gráfico 3

No gráfico número 4, móstranse as porcentaxes que lles corresponden ás AAFS dos plans de formación sectoriais, segundo o seu sector e os catro criterios analizados.

Gráfico 4

Reparto proporcional polo sector de impartición das AAFS, segundo diferentes criterios.
Convocatoria 2011 (PF Sectoriais)

Gráfico: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012



Na táboa 5, móstranse os resultados das AAFS segundo o seu tipo, polos 4 criterios analizados nos 7 sectores posibles nos que se encadran os plans de formación.

Táboa 5

Datos xerais, segundo o sector dos plans de formación e tipo da AAFS.
(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Transversais	N.º AAFS	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Administración e novas tecnoloxías	85	1.042	9.933	828.080,70 €
Comercio, hostalería e agropesqueira	88	1.369	11.010	1.135.942,76 €
Construción e madeira	22	322	2.222	195.297,85 €
Metal	29	412	2.312	194.006,75 €
Servizos á comunidade	83	1.473	6.369	691.344,53 €
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	46	574	4.770	500.849,36 €
Transporte	4	53	484	25.490,70 €
Total transversais	357	5.245	37.100	3.551.012,65 €

Multisectoriais	N.º AAF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Administración e novas tecnoloxías	2	24	113	9.449,25 €
Comercio, hostalería e agropesqueira	26	707	2.571	557.344,75 €
Construción e madeira	18	499	1.982	716.581,25 €
Metal	29	635	2.073	597.488,00 €
Servizos á comunidade	12	211	717	118.569,10 €
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	10	129	940	157.373,00 €
Transporte	6	312	540	219.469,80 €
Total multisectoriais	103	2.517	8.936	2.376.275,15 €

Sectoriais	N.º AAF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Administración e novas tecnoloxías	43	664	2.925	375.034,00 €
Comercio, hostalería e agropesqueira	105	2.542	7.155	1.430.640,89 €
Construción e madeira	53	1.344	3.438	796.403,35 €
Metal	43	1.011	2.440	635.879,92 €
Servizos á comunidade	213	4.770	13.311	2.013.820,32 €
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	29	338	2.329	228.678,75 €
Transporte	29	1.568	1.789	721.717,83 €
Total sectoriais	515	12.237	33.387	6.202.175,46 €
Total	975	19.999	79.423	12.129.463,26 €

Os resultados mostrados na táboa 5 permiten observar, dentro de cada un dos tipos das AAF, o comportamento de cada un dos criterios segundo o sector no que se pode encadrar o plan de formación.

Obsérvanse grandes diferenzas e o peso de sectores coma Servizos á comunidade non pode compararse co peso doutros coma o Transporte

Polo motivo anterior, nas seguintes táboas 6 (6.1, 6.2, 6.3 e 6.4) móstranse os resultados dos distintos criterios segundo o sector e o tipo de AAF, e nos gráficos 5, 6, 7 e 8 figuran as porcentaxes correspondentes a cada unha das táboas correspondentes.

Na seguinte táboa (6.1), figuran o número de AAF por tipo e sector do plan de formación e, no correspondente gráfico 5, as súas porcentaxes.

Datos do número de AAF polo tipo de AAF e polo sector dos plans de formación.
(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Administración e novas tecnoloxías	85	2	43	130
Comercio, hostalería e agropesqueira	88	26	105	219
Construción e madeira	22	18	53	93

Táboa 6.1

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012


Metal	29	29	43	101
Servizos á comunidade	83	12	213	308
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	46	10	29	85
Transporte	4	6	29	39

Obsérvase que, dentro do número de AAF que teñen previsto impartir, soamente os plans de formación de 3 sectores superan o 50 % na programación de AAF sectoriais. Estes sectores, de maior a menor proporción, son: Transporte, seguido de Servizos á comunidade e Construción e madeira.

Gráfico 5

Porcentaxes polo sector segundo o tipo de AAF.
(PF Sectoriais 2011)

Gráfico: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012



Na seguinte táboa (6.2) figuran o número de alumnos por tipo de AAF e sector do plan de formación e, no correspondente gráfico 6, as súas porcentaxes.


Táboa 6.2

Datos do número de alumnos segundo o tipo das AAF e polo sector dos plans de formación.
(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Administración e novas tecnoloxías	1.042	24	664	1.730
Comercio, hostalería e agropesqueira	1.369	707	2.542	4.618
Construción e madeira	322	499	1.344	2.165
Metal	412	635	1.011	2.058

Servizos á comunidade	1.473	211	4.770	6.454
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	574	129	338	1.041
Transporte	53	312	1.568	1.933

Obsérvase que, dentro do número de alumnos previstos, 5 dos 7 sectores superan ou roldan o 50 % na previsión de alumnos en AAFF sectoriais. Os sectores que non teñen previsto que a porcentaxe do alumnado acade o 50 % en AAFF sectoriais son Administración e novas tecnoloxías e Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía. No seguinte gráfico, pódense apreciar estas diferenzas.



Na seguinte táboa (6.3), figuran o número de horas polo tipo de AAFF e sector do plan de formación e, no correspondente gráfico 7, as súas porcentaxes.

Datos do número de horas segundo o tipo das AAFF e polo sector dos plans de formación.
(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)


Táboa 6.3

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Administración e novas tecnoloxías	9.933	113	2.925	12.971
Comercio, hostalería e agropesqueira	11.010	2.571	7.155	20.736
Construción e madeira	2.222	1.982	3.438	7.642
Metal	2.312	2.073	2.440	6.825

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Servizos á comunidade	6.369	717	13.311	20.397
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	4.770	940	2.329	8.039
Transporte	484	540	1.789	2.813

Obsérvase que, dentro do número de horas previstas, soamente 2 dos 7 sectores superan o 50 % na previsión de horas de formación en AAFF sectoriais. Estes sectores son Transporte e Servizos á comunidade. Os outros 5 sectores maioritariamente teñen previsto dedicar a maioría do tempo de formación a AAFF non sectoriais específicas. No seguinte gráfico, pódense apreciar estas porcentaxes.



Na seguinte táboa (6.4), figura o orzamento acadado polo tipo de AAFF e sector do plan de formación e, no correspondente gráfico 8, figuran as súas porcentaxes.

Datos do orzamento segundo o tipo das AAFF e polo sector dos plans de formación.
(Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa 6.4

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Administración e novas tecnoloxías	828.080,70 €	9.449,25 €	375.034,00 €	1.212.563,95 €
Comercio, hostalería e agropesqueira	1.135.942,76 €	557.344,75 €	1.430.640,89 €	3.123.928,40 €
Construción e madeira	195.297,85 €	716.581,25 €	796.403,35 €	1.708.282,45 €


Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Metal	194.006,75 €	597.488,00 €	635.879,92 €	1.427.374,67 €
Servizos á comunidade	691.344,53 €	118.569,10 €	2.013.820,32 €	2.823.733,95 €
Téxtil, vidro, cerámica, artesanía, química e enerxía	500.849,36 €	157.373,00 €	228.678,75 €	886.901,11 €
Transporte	25.490,70 €	219.469,80 €	721.717,83 €	966.678,33 €

Obsérvase que, dentro do criterio Orzamento, soamente 2 dos 7 sectores superan o investimento de máis do 50 % da asignación económica obtida en AAFF sectoriais. Estes sectores son Transporte e Servizos á comunidade.

Os outros 5 sectores maioritariamente teñen previsto investir os recursos económicos en AAFF non sectoriais específicas.

No seguinte gráfico, pódense apreciar estas porcentaxes.



Análise segundo o tipo de solicitante

Neste punto, revísanse os datos tendo en conta os 3 tipos de entidades que poden ser solicitantes dos plans de formación sectoriais. Estes tipos de entidade son:

1. **Organizacións empresariais.**
2. **Organizacións sindicais.**
3. **Fundacións (creadas ao abeiro da negociación colectiva sectorial).**

Na táboa 7, móstranse os resultados dos 4 criterios analizados polos 3 tipos de entidade solicitante.

Táboa 7

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Datos xerais, segundo o tipo de solicitante. (Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)

Tipo solicitante	N.º PF	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Organizacións empresariais	97	489	9.289	41.994	4.980.196,33 €
Fundacións	2	96	2.231	6.413	1.886.221,00 €
Organizacións sindicais	36	390	8.479	31.016	5.263.045,93 €
Total	135	975	19.999	79.423	12.129.463,26 €

Na táboa 8, figuran as porcentaxes do número de plans de formación financiados e os 4 criterios analizados polos 3 tipos de entidade solicitante.

Táboa 8

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Porcentaxes dos datos xerais, segundo o tipo de solicitante. (Plans de formación sectoriais - Convocatoria 2011)


Tipo solicitante	N.º PF	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Organizacións empresariais	71,85%	50,15%	46,45%	52,87%	41,06%
Fundacións	1,48%	9,85%	11,16%	8,07%	15,55%
Organizacións sindicais	26,67%	40,00%	42,40%	39,05%	43,39%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Obsérvase que:

- A maioría dos plans de formación pertencen a organizacións empresariais, pero observando os datos obtidos polo número de AAFF, de horas de formación, de alumnos previstos e de orzamento asignado dedúcese que a media de número de AAFF incluídos nestes plans de formación é menor ca nos outros tipos de entidades solicitantes.
- O caso contrario sucede coas fundacións, teñen poucos plans de formación pero proporcionalmente obsérvase que afecta a un número importante tanto de AAFF, de alumnos previstos, de horas programadas e de orzamento asignado.

- As organizacións sindicais parece que manteñen unhas porcentaxes nos distintos criterios sen desviacións significativas.

Estas porcentaxes poden apreciarse a continuación no gráfico número 9.



Na táboa 9, móstranse os resultados das AAFF segundo o seu tipo, polos 4 criterios analizados nos 3 tipos de entidade solicitante posibles nos que se encadran os plans de formación.

Táboa 9: Datos xerais, segundo o tipo de solicitante e tipo das AAFF. (PF sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa 9

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Transversais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Organizacións empresariais	194	2.765	22.219	1.970.668,17 €
Fundacións	22	385	930	144.926,00 €
Organizacións sindicais	141	2.095	13.951	1.435.418,48 €
Total transversais	357	5.245	37.100	3.551.012,65 €

Multisectoriais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Organizacións empresariais	26	509	1.530	204.946,05 €
Fundacións	25	674	2.224	914.515,00 €
Organizacións sindicais	52	1.334	5.182	1.256.814,10 €
Total multisectoriais	103	2.517	8.936	2.376.275,15 €

Transversais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Organizacións empresariais	269	6.015	18.245	2.804.582,11 €
Fundacións	49	1.172	3.259	826.780,00 €
Organizacións sindicais	197	5.050	11.883	2.570.813,35 €
Total transversais	357	5.245	37.100	3.551.012,65 €

Total	975	19.999	79.423	12.129.463,26 €
-------	-----	--------	--------	-----------------

Os resultados mostrados na táboa 9 permiten observar dentro de cada un dos tipos das AAFF o comportamento de cada un dos criterios segundo o tipo de solicitante.

Obsérvanse grandes diferenzas nas AAFF sectoriais e transversais, e o peso das fundacións non pode compararse co peso das organizacións empresariais e das organizacións sindicais.

Polo motivo anterior, nas seguintes táboas 10 (10.1, 10.2, 10.3 e 10.4) móstranse os resultados dos distintos criterios segundo o sector e o tipo de AAFF e, nos gráficos 10, 11, 12 e 13, figuran as porcentaxes correspondentes a cada unha das táboas correspondentes.


Na seguinte táboa (10.1), figuran o número de AAFF por tipo de AAFF e de solicitante e, no correspondente gráfico 10, as súas porcentaxes.

Táboa 10.1 Datos do n.º de AAFF polo tipo de AAFF e polo tipo de solicitante. (PF sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Organizacións empresariais	194	26	269	489
Fundacións	22	25	49	96
Organizacións sindicais	141	52	197	390

Obsérvase que dentro do número de AAF de que teñen previsto impartir, os 3 tipos de solicitantes mostran unhas porcentaxes que se sitúan entre o 50 % e 55 % na programación e reconfiguradas de AAF de tipo sectorial.



Na seguinte táboa (10.2), figuran o número de alumnos por tipo de AAF e de solicitante e, no correspondente gráfico 11, as súas porcentaxes.

Datos do n.º de alumnos segundo o tipo das AAF e polo sector dos PF
(PF sectoriais - Convocatoria 2011)


Táboa 10.2

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Organizacións empresariais	2.765	509	6.015	9.289
Fundacións	385	674	1.172	2.231
Organizacións sindicais	2.095	1.334	5.050	8.479

Obsérvase que os 3 tipos de solicitantes mostran unhas porcentaxes de alumnos maiores nas AAF sectoriais, porcentaxes que se sitúan entre o 53 % e 65 % da participación de alumnos.

Gráfico 11 Porcentaxe de alumnos polo tipo de solicitante segundo o tipo de AAF. (PF Sectoriais 2011)



Na seguinte táboa (10.3), figuran o número de horas polo tipo de AAF e de entidade solicitante e, no correspondente gráfico 12, as súas porcentaxes.



Táboa 10.3 Datos do n.º de horas segundo o tipo das AAF e polo das entidades. (P.F. Sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Organizacións empresariais	22.219	1.530	18.245	41.994
Fundacións	930	2.224	3.259	6.413
Organizacións sindicais	13.951	5.182	11.883	31.016

Obsérvase que as organizacións empresariais e sindicais invisten máis horas en AAF transversais, mentres que as fundacións empregan unha maior porcentaxe de horas nas AAF sectoriais.

Tamén destaca a baixa porcentaxe de horas que invisten as organizacións empresariais en AAF multisectoriais (poderíase explicar polo feito de que estas afectan as áreas técnicas de produción e de mantemento industrial, áreas tradicionalmente máis programadas polas organizacións sindicais e as fundacións).



Na seguinte táboa (10.4), figura o orzamento acadado polo tipo de AAFF e de solicitante e, no correspondente gráfico 13, figuran as súas porcentaxes.

Datos do orzamento segundo o tipo das AAFF e os solicitantes
(PF sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa 10.4

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Organizacións empresariais	1.970.668,17 €	204.946,05 €	2.804.582,11 €	4.980.196,33 €
Fundacións	144.926,00 €	914.515,00 €	826.780,00 €	1.886.221,00 €
Organizacións sindicais	1.435.418,48 €	1.256.814,10 €	2.570.813,35 €	5.263.045,93 €

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Obsérvase que as organizacións empresariais e sindicais invisten unha maior porcentaxe do seu orzamento en AAFF sectoriais, mentres que as fundacións empregan unha maior porcentaxe en AAFF multisectoriais.

Tamén destaca que son as organizacións empresariais as que invisten máis porcentaxe do seu orzamento en AAFF transversais, e son as fundacións as que menor porcentaxe lles dedican a estas AAFF transversais.

Análise segundo a modalidade de impartición

Neste punto, revísanse os datos en función das catro posibles modalidades de impartición das AAFF Estas modalidades son:

1. Presencial
2. Distancia (convencional)
3. Teleformación
4. Mixta

A continuación, na táboa 11, móstrase a distribución das AAFF reconfiguradas segundo a modalidade de impartición polos 4 criterios analizados: número de AAFF, número de alumnos previstos, número de horas previstas e orzamento.

Datos xerais, segundo a modalidade de impartición
(PF sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa 11

Modalidade	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Distancia	97	2.108	9.015	979.007,85 €
Mixta	373	9.526	26.263	5.832.378,75 €
Presencial	219	5.426	10.143	2.987.431,45 €
Teleformación	286	2.939	34.002	2.330.645,21 €
Total	975	19.999	79.423	12.129.463,26 €

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
 Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Na táboa 12, figuran as porcentaxes dos 4 criterios analizados polos 4 tipos de modalidade de impartición.

Porcentaxes dos datos xerais, segundo a modalidade de impartición
(PF sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa 12

Modalidade	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Distancia	9,95%	10,54%	11,35%	8,07%
Mixta	38,26%	47,63%	33,07%	48,08%
Presencial	22,46%	27,13%	12,77%	24,63%
Teleformación	29,33%	14,70%	42,81%	19,21%
Total	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
 Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012


- Se se observa a distribución do orzamento que fan os solicitantes dos plans de formación sectoriais, nas AAFF reconfiguradas pódese apreciar que a maioría inviste case a metade do orzamento en AAFF mixtas, seguido

das AAFF a distancia (distancia convencional ou teleformación) que acadan o 27 % e, por último, as presenciais atinxen soamente o 25 %.

- Obsérvase que, tendo en conta que as AAFF teñen uns límites económicos que veñen dados por 3 factores: número de horas, número de alumnos e módulos económicos (varían segundo a modalidade de impartición e o nivel de formación: básico ou medio/superior), co investimento económico feito en:
 - Presencial: dálle formación a unha porcentaxe de traballadores levemente superior ca o investimento económico, pero programase un número menor de AAFF (estas AAFF teñen un custo económico máis elevado que as de distancia) e a porcentaxe de horas investidas é case a metade do orzamento.
 - Mixta: dálle formación a unha porcentaxe de traballadores similar ao investimento económico, pero programase un número menor de AAFF (estas AAFF teñen un custo económico menor que as presenciais, pero máis elevado que as de distancia) respecto ao orzamento (pero é a modalidade máis empregada nas AAFF dos plans de formación sectoriais) e a porcentaxe de horas investidas é tamén inferior respecto do orzamento.
 - Distancia: máis do 27 % do orzamento dos plans de formación sectoriais invístese nas AAFF impartidas por estas modalidades, aféctalles a case o 40 % das AAFF e ao 25 % dos traballadores que se forman, pero estes traballadores empregan o 54 % das horas que se dan na totalidade dos plans de formación sectoriais de Galicia. En función de se a modalidade é convencional ou teleformación, encóntrase que:
 - Distancia: mantén as porcentaxes nos catro criterios analizados.
 - Teleformación: a diferenza da distancia convencional. Chegan a unha porcentaxe menor de traballadores respecto do orzamento, pero esta modalidade acapara case o 43 % das horas de impartición que se dan nos plans de formación sectoriais e o 30 % das AAFF reconfiguradas ás que poden inscribirse os traballadores.

No gráfico número 14, móstrase a porcentaxe que lles corresponde ás AAFF dos plans de formación sectoriais, segundo a súa modalidade de impartición.

Gráfico 13
 Porcentaxe das AAFF segundo a modalidade. Convocatoria 2012 (PF Sectoriais)



No gráfico número 15, móstranse as porcentaxes que lles corresponden ás AAFF dos plans de formación sectoriais, segundo a súa modalidade de impartición, polos criterios: AAFF previstas, alumnos previstos, horas previstas e orzamento.




Gráfico 15

Gráfico: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Na táboa 13, móstranse os resultados das AAFF segundo o seu tipo, polos 4 criterios analizados nas 4 modalidades de impartición posibles.

Datos xerais, segundo a modalidade de impartición e tipo de AAFF (PF sectoriais - Convocatoria 2011)

Transversais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Distancia	26	572	2.336	133.926,05 €
Mixta	79	1.591	5.093	919.821,19 €
Presencial	38	928	1.687	504.176,10 €
Teleformación	214	2.154	27.984	1.893.089,31 €
Total transversais	357	5.245	37.100	3.551.012,65 €

Multisectoriais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Distancia	1	21	30	3.150,00 €
Mixta	66	1.815	6.061	1.733.212,30 €
Presencial	26	566	1.978	584.546,00 €
Teleformación	10	115	867	55.366,85 €
Total multisectoriais	103	2.517	8.936	2.376.275,15 €

Sectoriais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
------------	----------	-------------	-----------	-----------

Táboa 13

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Distancia	70	1.515	6.649	741.931,80 €
Mixta	228	6.120	15.109	3.179.345,26 €
Presencial	155	3.932	6.478	1.898.709,35 €
Teleformación	62	670	5.151	382.189,05 €
Total sectoriais	515	12.237	33.387	6.202.175,46 €
Total	975	19.999	79.423	12.129.463,26 €

Os resultados mostrados na táboa 13 permiten observar dentro de cada un dos tipos das AAFF o comportamento de cada un dos criterios segundo a modalidade de impartición da formación. Na táboa 14, preséntanse as porcentaxes.

Táboa 14

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Porcentaxes dos datos xerais polo tipo de AAFF e pola modalidade de impartición (PF sectoriais - Convocatoria 2011)

Transversais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Distancia	7,28%	10,91%	6,30%	3,77%
Mixta	22,13%	30,33%	13,73%	25,90%
Presencial	10,64%	17,69%	4,55%	14,20%
Teleformación	59,94%	41,07%	75,43%	53,31%
Total transversais	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%

Multisectoriais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Distancia	0,97%	0,83%	0,34%	0,13%
Mixta	64,08%	72,11%	67,83%	72,94%
Presencial	25,24%	22,49%	22,14%	24,60%
Teleformación	9,71%	4,57%	9,70%	2,33%
Total multisectoriais	103	2.517	8.936	2.376.275,15 €

Sectoriais	N.º AAFF	N.º alumnos	N.º horas	Orzamento
Distancia	13,59%	12,38%	19,91%	11,96%
Mixta	44,27%	50,01%	45,25%	51,26%
Presencial	30,10%	32,13%	19,40%	30,61%
Teleformación	12,04%	5,48%	15,43%	6,16%
Total sectoriais	515	12.237	33.387	6.202.175,46 €

Obsérvanse grandes diferenzas se se centra a atención nas AAFF polo tipo:

AAFF transversais:

- N.º AAFF: máis do 89 % corresponde a modalidades de distancia (64 % teleformación).

- N.º alumnos: o 52 % corresponde a modalidades de distancia (41 % teleformación).
- N.º horas: case o 82 % corresponde a modalidades de distancia (75,4 % teleformación).
- Orzamento: o 57 % corresponde a modalidades de distancia (53,3 % teleformación).

AAFF multisectoriais:

- N.º AAFF: máis do 67 % corresponde a modalidades que inclúen presenza (59,9 % mixta).
- N.º alumnos: máis do 94 % corresponde a modalidades que inclúen presenza (72,1 % mixta).
- N.º horas: case o 90 % corresponde a modalidades que inclúen presenza (67,8 % mixta).
- Orzamento: máis do 97 % corresponde a modalidades que inclúen presenza (72,1 % mixta).

AAFF sectoriais:

- N.º AAFF: máis do 74 % corresponde a modalidades que inclúen presenza (44,3 % mixta).
- N.º alumnos: máis do 82 % corresponde a modalidades que inclúen presenza (50 % mixta).
- N.º horas: máis do 64 % corresponde a modalidades que inclúen presenza (45 % mixta).
- Orzamento: case o 82 % corresponde a modalidades que inclúen presenza (51 % mixta).

Nas táboas 15 (15.1, 15.2, 15.3 e 15.4), móstranse os resultados dos distintos criterios segundo a modalidade de impartición e o tipo de AAFF e, nos gráficos 16, 17, 18 e 19, figuran as porcentaxes correspondentes a cada unha das táboas correspondentes.

Na seguinte táboa (15.1), figuran o número de AAFF por tipo de AAFF e de modalidade e, no correspondente gráfico 16, as súas porcentaxes.

Datos do n.º de AAFF polo tipo de AAFF e pola modalidade de impartición
(PF sectoriais - Convocatoria 2011)

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Distancia	26	1	70	97
Mixta	79	66	228	373
Presencial	38	26	155	219
Teleformación	214	10	62	286

Táboa 15.1

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012


Obsérvase que segundo a modalidade de impartición:

- Distancia, mixta e presencial: a maioría das AAFF reconfiguradas son sectoriais.
- Teleformación: a maioría das AAFF reconfiguradas son transversais.

Gráfico 16

Porcentaxes de AAFF, pola modalidade de impartición, segundo o tipo de AAFF.
(PF sectoriais 2011)

Gráfico: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012



Na seguinte táboa (15.2), figuran o número de AAFF por tipo de AAFF e de modalidade e, no correspondente gráfico 17, as súas porcentaxes.

Táboa 15.2


Datos do n.º de alumnos polo tipo de AAFF e pola modalidade de impartición
(P.F. Sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Distancia	572	21	1.515	2.108
Mixta	1.591	1.815	6.120	9.526
Presencial	928	566	3.932	5.426
Teleformación	2.154	115	670	2.939

Obsérvase que segundo a modalidade de impartición:

- Distancia, mixta e presencial: a maioría dos alumnos reciben formación de AAFF sectoriais.
- Teleformación: a maioría dos alumnos reciben formación de AAFF transversais.



Na seguinte táboa (15.3), figuran o número de horas por tipo de AAFF e de modalidade e, no correspondente gráfico 18, as súas porcentaxes.

Datos do n.º de horas polo tipo de AAFF e pola modalidade de impartición
(PF sectoriais - Convocatoria 2011)


Táboa 15.3

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Distancia	2336	30	6.649	9.015
Mixta	5.093	6.061	15.109	26.263
Presencial	1687	1978	6.478	10.143
Teleformación	27.984	867	5151	34.002

Obsérvase que segundo a modalidade de impartición:

- Distancia, mixta e presencial: a maioría das horas de formación destínanse a AAFF sectoriais.
- Teleformación: a maioría das horas de formación destínanse a AAFF transversais.



Na seguinte táboa (15.4), figuran o número de horas por tipo de AAFF e de modalidade e, no correspondente gráfico 19, as súas porcentaxes.

Datos do orzamento polo tipo de AAFF e pola modalidade de impartición
(PF sectoriais - Convocatoria 2011)

Táboa 15.4

Táboa: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

	Transversais	Multisectoriais	Sectoriais	Total
Distancia	133.926,05 €	3.150,00 €	741.931,80 €	879.007,85 €
Mixta	919.821,19 €	1.733.212,30 €	3.179.345,26 €	5.832.378,75 €
Presencial	504.176,10 €	584.546,00 €	1.898.709,35 €	2.987.431,45 €
Teleformación	1.893.089,31 €	55.366,85 €	382.189,05 €	2.330.645,21 €

Obsérvase que segundo a modalidade de impartición:

- Distancia, mixta e presencial: a maioría do orzamento dispoñible destínase a AAFF sectoriais.
- Teleformación: a maioría do orzamento dispoñible destínase a AAFF transversais.

Porcentaxe de orzamento, pola modalidade de impartición, segundo o tipo de AAFF.
(PF sectoriais 2011)

Gráfico 19




Gráfico: Elaboración propia da FPGFT
Fonte: DX de Formación e Colocación, datos provisionais 10/1/2012

Conclusións

Datos xerais:

As AAFF puramente sectoriais son case o 53 % do total das AAFF previstas nos plans de formación sectoriais. Aféctanlle ao 61 % dos alumnos previstos, ao 42 % das horas de impartición e ao 51 % do orzamento.

Sector dos plans de formación:

O sector con maior porcentaxe de AAFF reconfiguradas é Servizos á comunidade (32 %), e o que ten menos é Transporte (4 %).

- N.º de AAFF sectoriais:
3 dos 7 sectores superan o 50 % á hora de programar as AAFF dos seus plans de formación. Estes sectores son: Transporte, seguido de Servizos á comunidade e Construción e madeira.
- N.º de alumnos previstos en AAFF sectoriais:
5 dos 7 sectores superan ou roldan o 50 %.
- Nº de horas previstas para AAFF sectoriais:
2 dos 7 sectores superan o 50 % na previsión de horas. Estes sectores son: Transporte e Servizos á comunidade.
- Orzamento asignado a AAFF sectoriais:
2 dos 7 sectores superan o investimento de máis do 50 % da asignación económica obtida neste tipo de AAFF. Estes sectores son: Transporte e Servizos á comunidade.

Tipo de solicitante:

O maior número de AAFF polo tipo de entidade dáse nas organizacións empresariais (72 %), seguidas polas organizacións sindicais (27 %) e, por último, as fundacións (1 %).

- N.º de AAFF sectoriais:
Os 3 tipos de solicitantes mostran unhas porcentaxes que se sitúan entre o 50 % e 55 % á hora de programar as AAFF dos seus plans de formación.
- N.º de alumnos previstos en AAFF sectoriais:
Os 3 tipos de solicitantes mostran unhas porcentaxes de alumnos maiores neste tipo de AAFF.
- N.º de horas previstas para AAFF sectoriais:
As fundacións empregan unha maior porcentaxe de horas nas AAFF sectoriais. Mentres as organizacións empresariais e as sindicais invisten máis horas en AAFF de tipo transversal.

- Orzamento asignado a AAFF sectoriais:
 - As organizacións empresariais e sindicais invisten unha maior porcentaxe do seu orzamento en AAFF sectoriais.
 - As fundacións empregan unha maior porcentaxe do seu orzamento en AAFF multisectoriais.
 - As organizacións empresariais son as que invisten máis porcentaxe do seu orzamento en AAFF transversais, e son as fundacións as que menor porcentaxe lles dedican a estas AAFF transversais.

Modalidade de impartición:

O maior número de AAFF pola modalidade de impartición dáse na mixta (38 %), seguida pola teleformación (30 %), presencial (22 %) e, por último, pola distancia convencional (10 %).

- Distancia, mixta e presencial: nestas modalidades, a maioría das AAFF reconfiguradas, de alumnos, de horas e de orzamento, invístense en AAFF sectoriais.
- Teleformación: nesta modalidade, a maioría das AAFF programadas son transversais (81 %).

